

GUIÓN DA AUTOETNOGRAFÍA

Non é necesaria a identificación con nome e apelidos. Dínos o lugar de residencia, a idade, se es muller/home/outras, situación familiar e de convivencia (estado civil, convivindo ou non con outras persoas, fillos/fillas na casa ou estudando fóra, maiores...) e a situación laboral antes da crise/despois da crise.

Bloque 1: Dentro

- Recepción da noticia: os primeiros pensamentos, impresións, preocupacións e accións levadas a cabo (compras, chamadas, organización familiar, traballo, casa...)
- O traballo, que cambios implicou o seu desenvolvemento (teletraballo, redución de xornada, presencial con medidas especiais, parón de actividade...)
- como é o día a día dos coidados: coas fillas, fillos, parellas e outros parentes ou da vida en solitario
- Tes crianzas ou adolescentes en idade escolar na casa? Como levades o tema da escola en casa?
- Como é a relación coas persoas coas que convives? xorden tensións ao compartir tantas horas no mesmo espazo? Podes comentar cales, de que tipo?
- Tes veciñanza inmediata? (bloque de pisos, casas adosadas ou moi próximas). Como é a relación con ela? Dáse tamén algunha tensión?

- As consecuencias percibidas de inmediato debido á ausencia de contacto habitual ou diario con outras persoas
- Que hábitos cotiás cambiastes, que outros adquiristes?

Bloque 2: Fóra

- Que opinas das medidas de confinamento e control da mobilidade das persoas
- Como te afecta, como te fai sentir?
- Como e con quen te relacionas do “exterior”? Que novas estratexias e ferramentas usas para manter o vínculo social?
- Fas parte dalgunha iniciativa solidaria ou rede de apoio?
- Que opinas das iniciativas colectivas de homenaxe ás profesionais que están en primeira liña, como os aplausos das 20.00? Participas nalgunha?
- Como te informas sobre a pandemia? (TV, Xornais en papel e/ou dixitais, comunicados gubernamentales, Redes sociais, medios especializados...) Que fiabilidade lle dás a cada un deles?.

Bloque 3. Enfermidade e dó

- Que sentes ao respecto da posibilidade de contaxio das persoas que queres? E de contaxiarte ti? En que medida ese sentimento condiciona a tua vida cotiá?

Gustaríanos que ningún de vós tivese que contestar ás seguintes cuestións, mais sabemos que moitas persoas estades a vivir situacións moi dolorosas en momentos que as fan máis difíciles se cabe do que xa o son habitualmente.

- Persoas que estivestes ou tivestes a algún ser querido enfermo, persoas hospitalizadas, sexa pola COVID19 ou non; como vos sentistes, con que dificultades vos atopastes?

- Persoas que perdistes a alguén durante esta crise, a causa ou non desta enfermidade. Se vos é posible, se queredes, tamén a vosa experiencia ao redor desta dura situación é importante.

Bloque 4. Reflexións

- Como cres que se vive esta situación sendo muller, home, persoa transxénero, crianza, adolescente, maior, ou pertencendo a un colectivo vulnerable: persoas migrantes, nunha moi mala situación económica, sen teito, situacións de diversidade funcional, neurodiversidade...
- Que consecuencias cres que vai traer esta crise (as negativas e as positivas se consideras que as pode haber). Como ves a sociedade despois disto?

GRAZAS!